

Guía Docente						
Datos Identificativos				2024/25		
Asignatura (*)	Estancias Clínicas V		Código	661G01029		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6		
Idioma	Castelán/Galego					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I, II, III para poder cursar esta materia.					
Departamento						
Coordinación	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es			
Profesorado	Souto Fernández, Estela Veiga Rodríguez, David	Correo electrónico	estela.souto@udc.es d.rveiga@udc.es			
Web	campusvirtual.udc.gal/					
Descripción xeral	Estas estadías clínicas correspóndense ao nivel intermedio de aprendizaxe práctico tutelado do alumnado, tendo coma finalidade que a/o estudiante integre coñecementos, habilidades e actitudes precisos para dar atención ás persoas adultas en situación crítica. As prácticas están dirixidas á incorporación do alumnado no ámbito dos coidados críticos, de forma que lles permita comprender, diagnosticar e participar no deseño e desenvolvemento dun plan de coidados para os doentes nunha situación crítica de saúde e desenvolver habilidades de comunicación efectiva cos doentes, familias e equipo.					

Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Cooperar co equipo asistencial sanitario		A62 B5 B6 B7 B8 B9	C1 C3 C12
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas e as súas familias		A62 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24	C1 C3 C4 C10 C12



Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas adultas en situación crítica. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade	A62	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C11
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían a profesión. Cumplir as normas de funcionamiento das institucións sanitarias	A62	B5 B6 B7 B9 B10 B13 B14 B15 B16 B24	C1 C4 C7 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en unidades hospitalarias de atención ás persoas adultas en situación crítica.	Colaboración co equipo asistencial. Comunicación efectiva coas personas atendidas de acordo co seu grao de competencia. Aplicación do proceso de atención de enfermaría a persoas en situación crítica. Realización de rexistros de acordo as normas éticas, deontolóxica e legais. Participación na xestión e organización dos servizos de enfermaría. Realización dos coidados de enfermaría baseándose nos principios dunha práctica reflexiva.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	120	0	120
Traballos tutelados	A62 B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	2	15	17
Lecturas	A62 B3 B16 C4 C7 C11	0	3	3
Simulación	A62 B3 B5 B6 B7 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B20 B22 B24 C1 C4 C7 C10 C11 C12	2	0	2
Seminario	A62 B1 B3 B8 B11 B12 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	2	0	2
Estudo de casos	A62 B3 B6 B8 B9 B11 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	0	3	3
Actividades iniciais	A62 B1 B6 B10 B11 B14	1	0	1
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Prácticas clínicas	<p>O ensino clínico enténdese como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente relacionado co exercicio dunha profesión, no que os estudiantes observan e participan en actividades clínicas. Isto lles proporciona a oportunidade que supón a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.</p> <p>Estas prácticas desenvólvense no primeiro cuadrimestre do cuarto curso, tendo como finalidade capacitar aos estudiantes para identificar os problemas de saúde reais ou potenciais das persoas en situación crítica, e colaborar na planificación, execución e evaluación dos cuidados aplicados a ditas persoas e as súas familias.</p> <p>Os rotatorios clínicos realizaranse no Hospital Universitario A Coruña e as prácticas realizaranse en quendas rotatorias de maña e tarde.</p>



Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiante, baixo a tutela do profesor e en escenarios profesionais variados. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?como facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.</p> <p>Concretamente nesta materia o estudiante deberá elexir entre describir e analizar unha técnica, procedemento ou protocolo específico da unidade onde rota, no que a colaboración ou responsabilidade da enfermeira/o sexa relevante (previa validación pola profesora responsable da materia).</p>
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recollerón e editaron como fonte para afondar nos contidos traballados.
Simulación	<p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que se se levase a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Pонse o suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias.</p> <p>Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizarlas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p>
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os componentes do seminario.
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se confronta ante unha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto.</p> <p>O alumno sitúase ante un problema concreto (caso) da vida profesional, e debe ser quen de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión.</p>
Actividades iniciais	Actividade obligatoria que se leva a cabo nun aula antes de iniciar as prácticas clínicas. Nela explicanse pormenorizadamente as competencias que debe adquirir o alumno nesta asignatura, a forma de avaliación da mesma, e aspectos organizacionais e de regulamento relevantes para o bo desenvolvemento das prácticas clínicas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Estudo de casos	A atención personalizada relacionada coas prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas das/dos estudiantes e realizar o seguimiento dos coñecementos, habilidades e actitudes que estes deben acadar. Farase de xeito individualizado.
Traballos tutelados	
Prácticas clínicas	
Lecturas	A atención personalizada relacionada co traballo tutelado ten como finalidade orientar ao alumnado na realización e presentación da técnica, procedemento ou protocolo a analizar e desenvolver. O seguemento farase de forma individual ou en pequenos grupos. A atención personalizada coas lectura realizarase de xeito individual e consistirá en orientar e guiar ao alumnado na interpretación dos textos. A documentación a revisar, relacionada coas materias teóricas cuxo coñecemento é relevante nos coidados críticos, será facilitada a través de Moodle e dinamizarse o aprendizaxe abrindo foros dirixidos co fin último de que haxa unha transferencia do coñecemento á práctica clínica. A atención personalizada relacionada co Estudo de casos ten como finalidade orientar, de xeito individual, ao alumnado na interpretación correcta dunha situación real da vida profesional que debe describir e ser capaz de analizar en referencia a un campo particular do coñecemento.
	Para realizar a atención personalizada de forma presencial, ou a través de Teams, respectarase o horario recollido na páxina web para as titorías, ou noutro horario previo acordo entre alumnado e docente. En todo caso é precisa a solicitude da titoría a través do correo electrónico da Universidade. A atención personalizada tamén poderá realizarse a través de Moodle ou o correo electrónico da Universidade, según demanda do alumnado.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Estudo de casos	A62 B3 B6 B8 B9 B11 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	O alumnado presentará por escrito un estudo de caso de xeito individual. Sendo preciso que realice unha descripción pertinente e sexa quen de analizar a situación en relación a un campo particular do coñecemento, o cal será especificado polo profesorado. Para a avaliação empregaranse os seguintes criterios: Presentación e estrutura: 2 puntos Descripción do caso: 2 puntos Analise do caso: 3 puntos Fontes consultadas: 1 punto	20



Traballos tutelados	A62 B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	O estudantado realizará e presentará o traballo tutelado por parellas, grupos de tres ou individualmente segundo se consensúe coa docente da materia. Na presentación do traballo, a cal é obligatoria, deberán responder ás preguntas realizadas pola docente e o resto do alumnado presente. Á presentación oral do traballo tutelado asignaráselle una puntuación máxima de 10 puntos e suporá o 20% do total da nota neste apartado. Para a avaliação da presentación oral terase en conta a capacidade de resposta, a xestión do tempo, a estrutura da exposición, o formato e a explicación dos contidos. Ao traballo tutelado asignaráselle unha puntuación máxima de 10 puntos e suporá o 80% do total da nota neste apartado. Criterios de avaliação do traballo tutelado: 1. Presentación e estructura: ata 2 puntos 2 Claridade e uso da terminoloxía científica na redacción: ata 2 puntos 3. Capacidade de análise e síntese: ata 3 puntos 4. Capacidade crítica e achega persoal: ata 3 puntos	30
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	A asistencia ás prácticas clínicas será obligatoria. Realizarase unha avaliação continuada da adquisición das competencias a través dos criterios ou indicadores establecidos, para elo dispone dun informe de seguimento e avaliação específico para esta materia. O seminario e a simulación que se desenvolvan terán carácter obligatorio, así como o propósito de facilitar a integración dos coñecementos, habilidades e actitudes precisas para o coidado dos doentes críticos. As evidencias que neles se recollan sobre o alumnado serán tidas en conta na avaliação dos distintos indicadores do informe de seguimento e avaliação.	50

Observacións avaliación



Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia e ter superadas as Estadías Clínicas I, II e III, tal e como consta na Memoria do Título de Grao.

A superación da materia queda suxeita a que as prácticas clínicas sexan aprobadas polo estudiante de forma independente, acadando o 50% da nota máxima posible da porcentaxe que lle corresponde. Mientras que no sumatorio entre a metodoloxía de Traballo Tutelado e Estudo de casos tamén é preciso que o alumnado acade o 50% da nota máxima posible, debendo ser a nota mínima no Traballo Tutelado ou no Estudo de Caso o 40% da máxima nota posible nesa metodoloxía, para que se poida realizar o sumatorio e superar a materia.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obligatoria, as ausencias deberán comunicarse de acordo á normativa xeral do centro académico, relativa ás Estadías Clínicas. Estas serán recuperadas ao remate dos rotatorios establecidos e dentro do período de avaliación. As faltas non comunicadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do centro académico.

As datas e os horarios nos que cada estudiante realizará as prácticas clínicas publicaranse na plataforma Moodle con suficiente antelación ao inicio das mesmas.

Ao finalizar o período de prácticas clínicas os estudiantes deberán presentar a Memoria Final de Prácticas, segundo se especifica no regulamento de Estadías Clínicas, para poder ser avaliados.

Avaliación 2ª oportunidade: Dado que a práctica clínica é unha actividade presencial non recuperable, o alumnado só poderá empregar a 2ª oportunidade para recuperar as actividades relativas ao traballo tutelado e á súa presentación, así como ao estudo de caso.

Adianto de oportunidade e estudiantes con matrícula parcial: Dado que a práctica clínica é unha actividade presencial non recuperable, non é posible establecer unha avaliación diferente para estos casos.

A cualificación de Matrícula de Honra poderá obtela o alumnado que puntúe alomenos un 9, con preferencia para o alumnado que obtivera máis nota.

En caso de igualdade de puntuación e habendo máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumnado que obtivese máis nota na metodoloxía de práctica clínica. No caso de empate prevalecerá a nota do Traballo Tutelado.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliação, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometía: o/a estudiante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Ademais dúas das competencias xerais que debe adquirir o alumnado dentro do grao e da materia son B20 e B24; a primeira é a sensibilidade cara temas medioambientais e a segunda sinala a necesidade de fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. Por todo isto:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os性os, propiciarase a intervención nas distintas actividades da materia de alumnas e alumnos.
- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificálos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacions de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Casillas ML, García E. (2020). Cuidados al paciente crítico adulto. Tomo I.. Editorial DAE (Grupo Paradigma)- Aragonés R, Rincón MD (2019). Manual de Cuidados Intensivos para Enfermería. Madrid: Panamericana <p>A bibliografía básica para esta materia é a utilizada nas materias: Enfermaría Clínica I, II e III. Os documentos subidos ao Moodle desta materia serán de lectura obrigada, sempre que así se indique en dita plataforma.</p>
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Flynn MB, Martínez MR, Ackley BJ, Ladwig GB (2024). Manual de diagnósticos de enfermería: guía para la planificación de cuidados. Barcelona: Elsevier- Moorhead S, Swanson E, Johnson M, Maas ML (2024). Clasificación de resultados de enfermería (NOC): medición de resultados de salud. Barcelona: Elsevier- Wagner CM, Butcher HK, Clarke MF (2024). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona: Elsevier- Rull PE, Pérez D, Solís M (2022). Enfermería en trasplantes. LIBRO ELECTRÓNICO. Editorial DAE (Grupo Paradigma)- NANDA International (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2021-2023. Madrid: Elsevier- Casillas ML, García E (2020). Cuidados al paciente crítico adulto. Tomo I. Editorial DAE (Grupo Paradigma)- Somoza B, Cano MV, Guerra P (2020). Farmacología en enfermería: teoría y casos prácticos. Sección III: Farmacología en situaciones críticas. Madrid: Panamericana- Aragón R, Rincón MD (2019). Manual de Cuidados Intensivos para Enfermería. Madrid: Panamericana- Soto F (2016). Manual de Ventilación Mecánica para Enfermería. Madrid: Panamericana- Martín-Romo Mejías, J. (Coord.) (2014). Actuación de Enfermería en urgencias. LIBRO ELECTRÓNICO. Editorial ICB- Fuentes Pumarola, C. Sirvent, J. y Bonet Saris, A (2013). Manual de enfermería intensiva. LIBRO ELECTRÓNICO. Documenta Universitaria- Lunney M (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Madrid: Elsevier MassonACCESO AOS LIBROS ELECTRÓNICOS REFERENCIADOS (DE ACCESO ABERTO A TRAVÉS DA BIBLIOTECA DA UDC): Enfermería en trasplantes: https://ebooks.enfermeria21.com/ebooks/-html5-dev/727/Cuidados al paciente crítico adulto. Tomo I: https://ebooks.enfermeria21.com/ebooks/-html5-dev/723/Farmacología en enfermería: teoría y casos prácticos. Sección III: Farmacología en situaciones críticas:https://mieureka.medicapanamericana.com/viewer/farmacologia-en-enfermeria/232Manual de Cuidados Intensivos para Enfermería:https://mieureka.medicapanamericana.com/viewer/manual-de-cuidados-intensivos-para-enfermeria/portadahttps://mieureka.medicapanamericana.com/viewer/manual-de-ventilacion-mecanica-para-enfermeria/portadaActuación de Enfermería en urgencias: https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/115423
-----------------------------	---

Recomendación	
Materias que se recomienda cursar previamente	
Nutrición/661G01009	
Farmacoloxía/661G01011	
Situacións de risco para a saúde e Radioloxía/661G01013	
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016	
Enfermaría clínica III/661G01017	
Enfermaría Xerontoloxía/661G01020	
Xestión dos servizos da Enfermaría/661G01021	
Enfermaría Clínica I/661G01034	
Enfermaría Clínica II/661G01035	
Fundamentos de Enfermaría/661G01107	
Materias que se recomienda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	
Practicum/661G01032	
Traballo fin de grao/661G01033	
Observación	



Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia e ter superadas as Estadías Clínicas I, II e III, tal e como consta na Memoria do Título de Grao.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías